

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FUNDACIÓN INGADA, PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ASESORAMENTO ÁS FAMILIAS CON MEMBROS CON TDAH E/OU TRASTORNOS ASOCIADOS, NO ANO 2026.

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA

A Fundación Ingada, entidade de natureza fundacional, clasificada de interese sanitario en virtude da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 1 de outubro de 2014, declarada e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 2014/9 pola Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade do 11 de novembro de 2014, é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, recoñecida e inscrita así mesmo no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade co número E- 6204.

Ten entre as súas funcións o asesoramento e apoio ás familias con membros con trastornos por déficit de atención e hiperactividade (TDAH) e trastornos asociados para que poidan desenvolver adecuadamente as súas labores educativas, socializadoras, e superar situacións de necesidade e risco social.

Este programa é un recurso de apoio ás familias, para que poidan desenvolver axeitadamente as funcións educativas e socializadoras, así como superar situacións de conflito e risco social. Trátase dun programa preventivo, que contribúe á detección e á intervención temperá no trastorno, á modificación de condutas non desexadas e á adquisición de pautas saudables da dinámica familiar co obxectivo de reducir as comorbilidades e problemas no futuro.

Trabállase coas familias de nenos, nenas e mozos con TDAH para que coñezan en detalle o trastorno, poidan axustar as súas expectativas, establezan obxectivos alcanzables e implanten pautas educativas eficaces.

A entidade realizará, ao abeiro deste convenio, as seguintes actuacións:

1. Orientar e asesorar a pais/nais dos nenos/as e mozos/as sobre a dinámica familiar e problemas derivados das características persoais ou momentos críticos nos que se atopen os seus fillos.
2. Elaborar pautas de actuación cos pais e nais para abordar problemas específicos de convivencia que xurdan coas/os fillas/os a fin de acadar unha convivencia positiva e colaborar no resto dos contextos nos que participe a/o nena/o ou persoa moza para establecer pautas de actuación conxuntas.
3. Asesorar as familias sobre os recursos máis axeitados segundo as necesidades e características que presenten os trastornos, derivando ao dispositivo máis pertinente



cando se precisen actuacións específicas, co fin de previr futuras complicacións, por exemplo cando se detecte un inicio de consumos ou contacto con substancias tóxicas.

O asesoramento ás familias inclúe, entre outros, os conflitos no domicilio, dúbidas no tratamento farmacolóxico, como terapias alternativas, información básicas sobre o trastorno e as súas consecuencias.

O programa intervéñen con familias de persoas menores e mozos dende os 5 aos 21 anos aproximadamente. Conta cun equipo multidisciplinar de profesionais (psicólogos, médicos, terapeutas ocupacionais e educadores) que traballan de forma coordinada.

A través deste programa estrutúranse diferentes actividades que teñen por obxectivo dotar as familias de recursos, tales como grupos de axuda mutua (GAM), elaboración de guías, psicoterapia e talleres para os nenos e nenas e actividades interxeneracionais. De forma complementaria ofrécense ás persoas usuarias deste programa de asesoramento, outros servizos de atención educativa como punto de orientación laboral e recursos como actividades de lecer e tempo libre.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, está interesada en apoiar estas actuacións mediante a sinatura dun convenio de colaboración.

As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e máis no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

- Datos económicos

O convenio financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria que se indica no seguinte cadro, na cal existe crédito adecuado e suficiente no orzamento a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Igualdade para o ano 2026.

Aplicación orzamentaria	Ano 2026
08.02.312B.481.0	80.000,00€

O orzamento total do programa para o ano 2026 é de 128.982,45€, desagregado nas seguintes partidas e financiamento:





PARTIDAS	Convenio Consellería de Política Social e Igualdade	Copago usuarios	Subvención 0,7% IRPF e imposto de sociedades (apoio e conciliación no TDAH)	TOTAL
Gastos de persoal propio	57.471,50€	14.630,00 €	26.352,45€	98.453,95€
Profesionais independentes (profesionais sociosanitarios para grupos de axuda mutua (GAM), formacións, xornadas e talleres cos afectados	10.850,00 €	8.000,00 €		18.850,00€
Inscripción congresos e cursos persoal fundación (1)	1.900,00€			1.900.00€
Desprazamentos dietas	2.000,00€			2.000,00€
Asesoría laboral e contable	3.000,50€			3.000,50€
Material funxible: Plataforma CANVA para a elaboración de materiais e material de papelería	800,00€			800,00€
Outros gastos de mantemento: Protección de datos, prevención de riscos laborais, mantemento da páxina web e do programa de historias clínicas soporte informático, teléfono e internet, cotas zoom e google (2)	3.798,00€			3.798,00€
Aluguer salas Grupos axuda mutua (GAM) (3)	180,00€			180,00€
Total	80.000,00€	22.630,00€	26.352,45€	128.982,45€



Permitiranse modificacións das anteriores partidas sempre que non sexan superiores ao 10% do importe total do convenio.

(1) Finánciase gastos de inscrición nos seguintes congresos nos que a asociación presenta comunicacións e que lles permiten tecer rede cos profesionais especialistas no sector: O congreso Mundial da Asociación de Psiquiatría do Neno e o Adolescente e profesións afíns (IACAPAP) e o Congreso da Asociación Española de Psiquiatría do neno e o adolescente (AEPNyA).

(2) Finánciense gastos derivados da historia clínica electrónica parametrizada empregada para o tratamento e exportación dos datos , tendo en conta as previsións da normativa de protección de datos, ao tratarse de datos especialmente sensíbles, mantemento da web que proporciona asesoramento ás familias e outros gastos co fin de dar cumprimento á normativa en materia de protección de datos así como gastos de internet, teléfono, zoom e google que permiten que asociación poida contactar coas familias, manter consultas on line cando é preciso por dispersión xeográfica,e manter a conta de correo corporativo para comunicación cos/coas usuarios/as.

(3) Finánciase o aluguer dunha sala de coworking para desenvolver os grupos de axuda mutua na cidade de vigo

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada. O seguinte cuadro reflicte a comparativa entre os gastos subvencionables con cargo ao convenio 2025, e os previstos para o ano 2026.

Gastos subvencionables	2025	2026
Gastos de persoal propio	53.320,54€	57.471,50€
Profesionais independentes	16.000,00€	10.850,00 €
Inscrición congresos e cursos persoal fundación	2.500,00€	1.900,00€
Desprazamentos dietas	1.500,00€	2.000,00€
Asesoría laboral e contabilidade	2.000,00€	3.000,50€
Material funxible. Plataforma CANVA para a elaboración de materiais e material de papelería	1.679,46€	800,00€
Outros gastos de mantemento. Protección de datos, prevención de riscos laborais, mantemento da páxina web e do programa de historias clínicas e soporte informático, teléfono e internet, cuotas Zoom e Google.	3.000,00€	3.798,00€
Aluguer salas Grupos Axuda Mútua (GAM)		180,00€
	80.000€	80.000€

(3) O convenio asinado permite modificacións das anteriores partidas que non sexan superiores ao 10% do importe total do convenio, nin superen a contía total do mesmo.



A desagregación de gastos subvencionables prevista para o ano 2026 é a seguinte:

Gastos de persoal propio	57.471,50€
Profesionais independentes	10.850,00 €
Inscripción congresos e cursos persoal fundación	1.900,00€
Desprazamentos dietas	2.000,00€
Asesoría Laboral e Contable	3.000,50€
Material funxible. Plataforma CANVA para a elaboración de materiais e material de papelería	800,00€
Outros gastos de mantemento. Protección de datos, prevención de riscos laborais, mantemento da páxina web e do programa de historias clínicas e soporte informático	3.798,00€
Aluguer salas GAM	180,00€
Total	80.000€

A desagregación dos gastos de persoal da entidade correspondentes ao ano 2026 é a seguinte:

Gastos de persoal (persoal propio)		Custe total anual	Financiamento convenio	
			Imputado ao convenio	
1 psicóloga sanitaria ⁴	Consultas de valoración, escolas de familias, entendend o o meu TDAH	40.311,36 €	4.967,00€	12,32% do total anual 4 meses 37% xornada mensual
1 psicóloga sanitaria	Grupos de axuda mutua, talleres menores	27.229,07€	6.309,00€	23,15% do total anual 6 meses 43% xornada mensual
1 psicóloga sanitaria	Consultas de asesoramento familiar, elaboración de contidos e actividades formativas	29.334,00€	21.081,50€	71,87% do total anual 12 meses 71,87% xornada mensual
1 terapeuta ocupacional	Actividades de lecer saudable, talleres de convivencia, INGADA helper's, organización xornadas	33.301,80€	14.947,00€	44,88% do total anual 11 meses , con porcentaxe de dedicación distinto segundo o mes
1 terapeuta ocupacional	Actividades de lecer saudable, talleres menores GAM	29.050,08€	10.167,00€	35% do total anual 12 meses 35% xornada mensual
	TOTAL	98.453,95€	57.471,50€	



Por outra banda os profesionais independentes levan a cabo os GAM (Grupos de Axuda Mutua, dirixidos ás familias), os obradoiros nas distintas sedes, atenden individualmente para asesorar aquelas familias que o precisen en todas as sedes, e realizan as formacións aos profesionais en contacto con estes menores para poder adecuar a súa intervención (por exemplo, profesorado, monitores, educadores sociais, etc.). Esta labor formativa a todos os niveis (educación, familias, pacientes, etc.) é esencial para a fundación.

Para levar a cabo todas estas actividades en Galicia a fundación conta cos seguintes profesionais independentes: 6 psicólogos, 1 educador social, 1 mestre e 1 psicopedagogo.

O prazo de realización de gastos será o establecido entre o 1 de xaneiro do ano 2026 e o 15 de decembro do ano 2026.

A data límite de xustificación será o 15 de decembro do ano 2026. Non obstante, se existen cotas de seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación estas terán como data límite o 15 de xaneiro do ano seguinte.

- Fitos e obxectivos

As actuacións a desenvolver pola Fundación INGADA veñen recollidas no Plan Estratéxico de Galicia 2022/2030.

EIXE 1. O RETO DEMOGRÁFICO.

PRIORIDADE DE ACTUACIÓN PA02 - Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias. .

OBXECTIVO ESTRATÉXICO E01 - Garantir unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia así como ter o número de fillos e fillas que desexen, a través do desenvolvemento de actuacións integrais Impulsar políticas de conciliación para que a crianza dos fillos e fillas e o coidado de persoas dependentes non supoña unha eiva profesional, en especial para as mulleres

OBXECTIVO OPERATIVO OO03 - programas de apoio ás familias e menores e favorecer as condicións necesarias para que as persoas menores poidan integrarse nunha familia ou desenvolver o seu propio proxecto de vida nas mellores condicións.

Os indicadores sinalado para este ano son:

P341.H - Menores e familias beneficiarias de programas e integración familiar, socioeducativos e terapéuticos (homes) – menores 574, pais 136

P341.M - Menores e familias beneficiarias de programas e integración familiar, socioeducativos e terapéuticos (mulleres) –menores 246, nais 544.

- Territorialización

O programa levado a cabo pola Fundación INGADA desenvólvese nas catro provincias. As localidades nas que se leva a cabo son A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense e Vigo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

